

BASES DO II PROGRAMA DE APOIO AO EMPRENDIMENTO NO RURAL

Viveiros de empresas de Deputación de Pontevedra

Antecedentes

No artigo 36.1.d da Lei reguladora das bases do réxime local (LRBRL) atribúenselles ás deputacións competencias en materia de cooperación para o fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Ademais, no artigo 109 da Lei reguladora da Administración local de Galicia (LRALG) encoméndaselles en xeral o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia.

No artigo 47 e seguintes da Lei do réxime xurídico do sector público (LRXSP) dispónse que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.

Os viveiros de empresas son unhas estruturas de acollida temporal de empresas pensadas para encamiñalas nos seus primeiros pasos no mercado, acompañalas e prestarlles determinados servizos adaptados ás necesidades de cada proxecto co fin de contribuír a dinamizar o tecido produtivo do territorio provincial, a fomentar o emprego e o autoemprego e a apoiar as industrias locais, entre outros obxectivos. A Deputación de Pontevedra xestiona os viveiros de empresas de Barro e Lalín e axuda a poñer en marcha novos proxectos empresariais, por un lado, e, polo outro, oferta diversas actividades de formación e divulgación encamiñadas a darlles visibilidade a oportunidades de negocio existentes no territorio que atendan a criterios de desenvolvemento local, rural e sostible da comunidade.

Dentro deste marco competencial a Deputación de Pontevedra aprobou mediante a Resolución presidencial núm. 2021001746, de 6 de abril de 2021, o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Fundación Roberto Rivas para a promoción de iniciativas emprendedoras en contornos rurais da provincia de Pontevedra coma a comarca de Deza, que ten por obxecto definir a colaboración entre ambas as institucións na posta en marcha de actuacións de fomento do emprendemento de interese provincial para o ano 2021.

Este convenio ten por finalidade a implementación e cofinanciamento do Plan de dinamización e promoción do uso dos espazos dos viveiros de empresas da Deputación de Pontevedra, aprobado o 6 de abril de 2021 mediante a Resolución presidencial núm. 2021001747 (en diante Plan de dinamización), e céntrase especialmente nas accións que se executan desde o viveiro de empresas situado no polígono Lalín 2000.

En concreto, o acordo de colaboración recolle explicitamente a participación conxunta para poñer en marcha e implementar as seguintes accións recollidas dentro do plan: campañas de promoción "Descubre o espazo interior" e "Coñece os viveiros" (accións 1.1 e 1.2, respectivamente, do obxectivo 1); "Programa de apoio ao emprendemento no rural" (edición en liña), "Territorios emprendedores", "ODS e territorio: aposta de futuro" e "Pensando en circular. Deseño de produtos e servizos" (accións 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4, respectivamente, do obxectivo 2).

O Plan de dinamización conta cun orzamento total de vinte sete mil seiscientos corenta e cinco (27.645) euros en concepto de xuntanzas, conferencias e cursos e gastos diversos con cargo ás aplicacións 21/942.4330.226.06 (12.845 €) e 21/942.4330.226.99 (2.800 €) destinadas a sufragar este plan. Do total a Fundación Roberto Rivas achega doce mil (12.000) euros para cofinanciar as accións sinaladas no parágrafo anterior.

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria do II Programa de apoio ao emprendemento no rural-Viveiros de empresas de Deputación de Pontevedra (acción 2.1 do obxectivo 2 do Plan de dinamización), un programa de asesoramento, formación e mentoría dirixido a persoas emprendedoras, profesionais ou empresas cuxos proxectos empresariais se encadren nalgunha das seguintes tipoloxías: produción extensiva e de proximidade, economía circular, mobilidade sostible, eficiencia enerxética, turismo de proximidade, biotecnoloxía, bioconstrución, ecodeseño, reciclaxe, reparación e xestión de residuos, alimentación saudable, saúde e benestar, envellecemento activo, mellora do contorno e patrimonio cultural e territorial.

Segunda. Público destinatario e requisitos

Este programa vai dirixido a apoiar e mentorizar proxectos empresariais que poñan en valor o rural ou que favorezan o seu desenvolvemento sostible e se encadren nalgunha das tipoloxías sinaladas na base primeira. Estas iniciativas deben estar situadas ou situarse na provincia de Pontevedra.

Poderán optar a este programa formativo as persoas físicas ou xurídicas que se encadren nun dos seguintes puntos:

- a) Seren promotoras ou promotores de novas iniciativas empresariais (profesionais ou empresas) de nova creación ou en fase de lanzamento, sucesión e recuperación de empresas en situación de peche por xubilación

b) Seren profesionais e empresas que, estando en funcionamento, queiran poñer en marcha novas liñas de negocio ou precisen consolidar ou redeseñar os seus proxectos empresariais

Terceira. Dotación e imputación orzamentaria

O orzamento destinado a esta acción ascende a once mil novecentos (11.900) euros, e existe crédito dispoñible nas aplicacións 21/942.4330.226.06 e 21/942.4330.226.99 para o seu financiamento.

Para o financiamento deste programa de apoio ao emprendemento no rural xerouse crédito por importe de 10.000,00 € achegados pola Fundación Roberto Rivas.

Cuarta. Presentación de solicitudes

Cada persoa ou entidade solicitante poderá presentar un único proxecto.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e as persoas representantes dalgunha das anteriores, segundo o previsto no artigo 14.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se algunha destas persoas interesadas presenta a súa solicitude de forma presencial requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Aquelas persoas interesadas que non estean obrigadas a presentar as solicitudes de forma electrónica poderán facelo de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común utilizando o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Quinta. Prazo para a presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria das bases no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

Sexta. Comprobación dos datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- DNI/NIF da persoa física ou xurídica solicitante
- DNI ou NIE da persoa representante
- Situación actual de desemprego das persoas físicas solicitantes, no seu caso
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA)
- Certificado de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Sétima. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas estean obrigadas a recibilas por esta vía. As que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou se deixen de practicar por medios electrónicos.

As notificacións realizaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <http://sede.depo.gal>

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Oitava. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todosos trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento realizaranse preferentemente de forma electrónica a través do modelo "Instancia xenérica", dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Tamén poderán tramitarse de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, requiriráselle á persoa interesada que emende as faltas ou presente os documentos preceptivos nun prazo de dez (10) días hábiles, indicándolle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Novena. Procedemento e criterios de selección

Unha vez recibidas as solicitudes de participación, as persoas promotoras dos proxectos presentados en tempo e forma serán convocadas telefonicamente ao proceso de selección, no que se lles realizará unha entrevista persoal. Así mesmo, a data e mais a hora de realización da entrevista publicaranse na páxina web con polo menos tres (3) días hábiles de antelación.

Nos criterios de selección teranse en conta tanto criterios obxectivos (empresariais e transversais) coma subxectivos (motivacionais e persoais). A puntuación máxima será de 18 puntos, dos que 12 se corresponderán con criterios obxectivos e 6 con criterios subxectivos, segundo se detalla a continuación:

A. Criterios empresariais e transversais (ata un máximo de 12 puntos)

1. Proxecto presentado (ata 7 puntos)

- Descrición do proxecto. Claridade na descrición: 1 punto
- Produto novidoso ou servizo innovador: 1 punto
- Políticas ou ideas de negocio que dirixan os seus produtos ou servizos a colectivos con necesidades específicas (infancia, xuventude, persoas en risco de exclusión social, migrantes, persoas da terceira idade, persoas desempregadas de longa duración, persoas con discapacidade, vítimas de trata, vítimas de violencia de xénero...): 2 puntos
- Políticas ou ideas de negocio que solucionen ou dean resposta a necesidades propias do territorio no que se sitúan: 1 punto
- Políticas ou ideas de negocio que favorezan o desenvolvemento sostible: 1 punto
- Políticas ou ideas de negocio cuxa estratexia estea aliñada cos ODS e/ou atenda criterios sociais, ambientais e económicos: 1 punto

2. Ámbito de actividade do proxecto, segundo tipoloxías especificadas na base primeira (ata 2 puntos)

- Proxecto que se encadre en dous dos ámbitos sinalados: 1 punto
- Proxecto que se encadre en máis de dous ámbitos sinalados: 2 puntos

3. Colectivos prioritarios (ata 1 punto)

- Proxecto liderado ou participado por mulleres como mínimo nun 50 %: 0,50 puntos
- Proxecto liderado ou participado por mozas e mozos (de ata 35 anos) como mínimo nun 50 %: 0,50 puntos

4. Experiencia previa no sector no que se quere emprender ou iniciativas emprendedoras anteriores (ata 2 puntos)

- Experiencia previa no sector no que se quere emprender: ata 1 punto
- Iniciativas emprendedoras anteriores: ata 1 punto

B. Criterios motivacionais, persoais e experienciais (ata un máximo de 6 puntos)

A comisión de selección realizará as entrevistas persoais de selección, nas que se valorarán, entre outras, as seguintes características:

- Grao de interese e motivación para participar no programa: ata 3 puntos
- Potencial de aplicación dos coñecementos adquiridos ao proxecto emprendedor: ata 1 punto
- Motivación para o traballo en equipo e colaborativo: ata 1 punto
- Grao de interese en incorporar criterios de triplo balance na estratexia de negocio: ata 1 punto

Décima. Comisión de selección

Na selección dos proxectos presentados participará unha comisión composta por dous membros do persoal técnico do Servizo de Cooperación, cuxas funcións se relacionan directamente coa dinamización e xestión dos viveiros de empresas, e unha persoa representante da Fundación Roberto Rivas.

A composición desta comisión (titulares e suplentes) estará integrada polos seguintes membros:

- Titular: Eliana Bouzas Collazo, ADL Viveiro de empresas da Deputación de Pontevedra (Servizo de Cooperación)
Suplente: Eugenio Marcote Carballo, enxeñeiro xefe de Cooperación
- Titular: Marcos Areán González, técnico de xestión (Servizo de Cooperación)
Suplente: Ana Mateos Escudero, analista e planificación de datos (Servizo de Cooperación)
- Titular: Olga Rivas Iglesias, directora da Fundación Roberto Rivas
Suplente: Vanessa Loureiro Fernández, técnica de proxectos da Fundación Roberto Rivas

Décimo primeira. Resolución da convocatoria

A comisión de selección elixirá entre os proxectos presentados os que participarán no programa atendendo aos criterios especificados na base novena.

A puntuación final será a suma entre os criterios empresariais e transversais e os criterios motivacionais, persoais e experienciais. Seleccionaranse os cinco proxectos que acaden maior puntuación.

No caso de empate escollerase o proxecto que acade maior puntuación:

- 1) No apartado B
- 2) De manterse o empate, aquel produto ou servizo con maior grao de innovación
- 3) Se persiste o empate, aquel que se subscriba nun maior número de ámbitos de actividade.

Descartaranse aqueles proxectos que non teñan dispoñibilidade para cumprir os horarios e prazos establecidos para o desenvolvemento do programa.

Da decisión da comisión redactarase unha acta detallada, asinada por todos os seus membros. Elaborarase unha proposta de resolución que será elevada para a súa aprobación definitiva ao órgano competente desta Deputación.

A resolución da convocatoria ditarase dentro dos sete días seguintes ao de finalización do prazo de presentación das propostas.

O resultado da convocatoria publicarase na web dos viveiros de empresas da Deputación de Pontevedra e nas redes sociais da Deputación, e enviaráselles un correo electrónico ás promotoras e promotores dos proxectos seleccionados.

Décimo segunda. Estrutura, contido e condicións xerais de participación no programa

O desenvolvemento do programa estrutúrase en tres fases:

- Fase I. Idea de proxecto de negocio

Os cinco proxectos seleccionados¹ participarán ao longo do período formativo nun programa que conxuga formación específica (24 h) dirixido a impulsar e poñer en funcionamento os proxectos e capacitar en habilidades emprendedoras; titorización e acompañamento individual (11 h) e sesións de traballo en grupo (5,5 h).

Fase II. Presentación do proxecto (DemoDay)

¹ No caso de baixa dalgún dos proxectos durante o primeiro mes de programa poderían incorporarse novos proxectos, atendendo á orde de puntuación segundo o baremo e despois de realizar a entrevista.

Finalizada a fase de creación de idea, as promotoras e promotores farán unha exposición pública dos seus proxectos. Esta fase divídese en planificación do evento (1,5 h), preparación para a presentación de proxectos (1,5 h) e evento (1,5 h)

- Fase III. Avaliación e lanzamento do proxecto (a longo de 2 meses)

Durante esta fase as persoas participantes manterán titorías grupais (4 h) e individuais (3 h). Estas últimas estarán dirixidas a resolver dúbidas que lle xurdan ou a traballar aqueles aspectos do proxecto que teñan menos definidos. Así mesmo, ao igual que no resto do programa, disporán dun espazo de traballo no *coworking* no horario de apertura do viveiro e poderán contar co apoio do persoal deste.

A duración total do programa será de 42 horas por proxecto, distribuídas do seguinte xeito: formación teórica (24 h) + titorías individuais (11 h) + titorías grupais (5,5 h) + DemoDay (1,5 h), segundo se detalla no anexo I destas bases.

Para participar no programa e superalo haberá que cumprir unha serie de condicións xerais de participación polas que se rexerá este ao longo da súa implementación, de conformidade co seguinte:

- O programa levarase a cabo desde o Viveiro de Empresas de Lalín (polígono Lalín 2000, parcela E3) en modalidade telemática, con opción de desenvolver algunha das sesións de xeito presencial.
- Durante o programa as e os participantes poderán usar as instalacións dos viveiros de empresas de Lalín e/ou Barro e traballar no espazo de *coworking* dispoñible (previa reserva) para desenvolver o seu proxecto de empresa.
- As persoas participantes deberán comprometerse a asistir ás sesións e titorías sinaladas nas datas, horas e modalidade establecidas no programa, así como a colaborar co resto de participantes e seguir as indicacións e tarefas que lles encomende o equipo responsable e docente do programa. A asistencia é obrigatoria e será preciso xustificar as faltas, que non poderán superar o 75 % das horas totais do programa (agás as titorías individuais contempladas na fase III). Haberá un control de asistencia por participante e sesión.

No caso de ausencia por enfermidade, accidente ou calquera outra causa xustificada a persoa participante notificarallo á dirección do programa o antes posible e presentará a xustificación documental pertinente.

- Presentación do proxecto (DemoDay). A participación no programa implica a presentación obrigatoria do Plan de negocio do seu proxecto emprendedor segundo a metodoloxía establecida e as pautas indicadas desde o equipo mentor do programa. O Plan de negocio será avaliado e deberá obter unha puntuación mínima de 5 sobre 10 para poder participar na fase III: avaliación e lanzamento, así como en calquera outro apoio que puidese xestionar ou acordar a entidade convocante, a Deputación de Pontevedra.
- Todos os traballos e proxectos participantes poranse á disposición do público e poderán ser difundidos en medios en liña e fóra de liña (sempre e cando non se vulneren os dereitos relativos á propiedade intelectual ou industrial). Durante o programa realizaranse fotografías e vídeos que teñan como finalidade a documentación deste. Este material pode empregarse para a difusión e comunicación pública do programa.
- A dirección do programa reserva o dereito de prescindir daqueles proxectos participantes que non cumpran as condicións establecidas nestas bases ou que, a xuízo do equipo responsable, non amosen o interese, a dilixencia, a dedicación e a cooperación precisos para o seu aproveitamento. As e os promotores de proxectos que sexan expulsados da actual edición do programa non poderán presentarse a novas convocatorias deste durante un período de tres anos.
- A dirección do programa informará a través do correo electrónico do calendario de actividades e demais detalles de interese para os proxectos participantes.
- As persoas participantes aceptan recibir información sobre actividades e novas relacionadas co emprendemento a través do correo electrónico proporcionado.

Décimo terceira. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria implica a total aceptación das bases.

Décimo cuarta. Normativa aplicable

Para o non previsto nestes termos e condicións aplicarase o disposto na normativa de réxime local; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou normas que a

substitúen, e na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (BOPPO do 30 de decembro de 2016).

Décimo quinta. Publicidade

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Así mesmo, cumpriranse as obrigas de publicidade referidas á convocatoria, concesión e pagamento na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Décimo sexta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar o desenvolvemento do concurso, entregarlles o premio ás persoas gañadoras e cumprir cantas obrigas legais e fiscais resulten aplicables.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos, segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

ANEXO I. II PROGRAMA DE APOIO AO EMPRENDIMENTO NO RURAL-VIVEIROS DE EMPRESAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. Estrutura e contido formativo.

Fase I. Idea de proxecto de negocio

Módulo 0. Presentación (formación de 2,5 h)

- Coñecemos o programa e os proxectos participantes
- Construimos o equipo e comprometémonos co proxecto

Módulo 1. A persoa emprendedora e o proxecto (formación de 2,5 h)

- Reflexionamos sobre as habilidades e destrezas dunha persoa emprendedora
- Reflexionamos sobre as motivacións para emprender
- Reflexionamos sobre a relación entre o proxecto emprendedor e o proxecto de vida e os valores

Módulo 2. Primeira visión do negocio (formación de 2 h + 2 h + 3 h e titorías individuais de 3 h)

- Construimos o modelo de negocio seguindo o modelo Canvas
- Definimos a proposta de valor
- Pensamos na clientela tipo a través do mapa de empatía
- Pensamos o modelo de negocio atendendo a criterios triplo balance e ODS

Módulo 3. Estratexia de comunicación e márketing (formación de 2,5 h + 2,5 h) (titorías individuais de 1,5 h)

- Definimos o mix comercial
- Definimos a estratexia comercial
- Definimos a identidade de marca en relación co posicionamento no mercado
- Definimos a estratexia de comunicación en liña e fóra de liña e nos medios

Módulo 4. Estratexia económica-financeira (formación de 2,5 h e titorías individuais de 1 h)

- Analizamos a estrutura de custos e gastos de negocio fronte á dos ingresos
- Analizamos as necesidades de investimento, financiamento e tesourería

- Valoramos instrumentos de financiamento: préstamos e outras liñas de financiamento

Módulo 5. Recursos para o emprendementos e trámites de constitución (formación de 2,5 h e titorías individuais de 1 h)

- Coñecemos recursos para o emprendemento: axudas, subvencións, entidades de apoio...
- Coñecemos trámites para constituír unha empresa e analizamos as diferentes formas xurídicas

Fase II. Presentación do proxecto (DemoDay)

- Planificamos o DemoDay (titoría grupal de 1,5 h)
- Coñecemos noções de oratoria e presentacións eficaces (formación de 2 h)
- Construimos o *elevator pitch* e deseñamos a presentación para o DemoDay (titoría individual de 1,5 h)
- DemoDay. Presentación pública de proxectos (evento público de 1,5 h)

Fase III. Avaliación e lanzamento do proxecto (durante 2 meses)

- Coñecemos a metodoloxía Lean Startup para lanzar a idea de negocio ao mercado (titoría grupal de 2 h)
- Reflexionamos sobre o rol emprendedor e as necesidades profesionais e persoais (titoría grupal de 2 h)
- Solucionamos dúbidas e traballamos aqueles aspectos de maior relevancia no proxecto (titorías individuais baixo demanda, 3 h)